



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 11 de outubro de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D. Carlos López Font.
M^a José Caride Estévez.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a M^a. Carmen Silva Rego.
D^a. Olga Alonso Suárez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día once de outubro de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1120).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1121).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE AEFAS 2018- PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN. Expte. 148852/301.

Visto o informe de fiscalización do 09/10/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Benestar-Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar-Social, o xefe de Área de Benestar-Social, e pola concelleira-delegada da Área de Política-Social, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES.

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 11.01.2018, acordou aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 148852/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2018 consignouse unha partida por importe de 1.640.000 € destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”).

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal e no BOP de Pontevedra nº 15 do 22 de xaneiro de 2018. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no BOP nº 68, do 09.04.2018, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 2.964 solicitudes.

I.5. Polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social) foron tramitadas as solicitudes e comprobado o cumprimento dos requisitos esixibles e a correspondente documentación acreditativa. A seguir, procedeu á súa avaliación de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. O procedemento de concesión das axudas previsto nas Bases pode esquematizarse do seguinte xeito:

–Os solicitantes debían cumprir os requisitos socio-económicos establecidos para adquirir a condición de beneficiario.

–A ditos solicitantes asignouselles unha puntuación en función da situación persoal ou da unidade de convivencia, segundo os criterios obxectivos das Bases.

–O crédito previsto para financiar o Programa (1.620.000 €) divídese entre o total dos puntos obtidos polos beneficiarios, dando así como resultado o valor económico de cada punto, que se multiplicou pola puntuación obtida por cada beneficiario para o cálculo da axuda a percibir. Reserváronse 20.000 € para atender, nunha segunda resolución, ás posibles reclamacións que se presenten.



Concello de Vigo

I.7. Así, das 2.964 solicitudes presentadas, 1.937 resultarían estimadas e 1.027 desestimadas. De acordo coa Base 14^a, o crédito total dispoñible dividirase entre a suma dos puntos obtidos por todas as persoas e unidades seleccionadas, asignando un valor económico a cada punto, que multiplicarase polos puntos obtidos por cada persoa ou unidade, sendo o resultado a contía económica total a percibir. Así as cousas: 1.619.992,24 € (axuste á baixa de 1.620.000,00 €) / 16.732 puntos = 96,82 €/punto.

Como se indicou, a cantidade a percibir en cada caso (Anexo I) é o resultado de multiplicar ese valor do punto polo número deles obtidos por cada beneficiario, en función dos seus ingresos e número de membros da unidade de convivencia.

I.8. Rematada a instrución do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta de data 25.09.2018).

I.9. Da información que obra en poder deste Departamento resulta que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas; o que se pon de manifesto para os efectos do indicado na Base 13.1. do Programa.

I.10. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG.....) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas.

I.11. Por razón do obxecto destas axudas extraordinarias e tendo en conta a necesaria protección do dereito á intimidade dos solicitantes, non se inclúen nos Anexos da Resolución desta convocatoria que serán obxecto de publicación os nomes e apelidos das persoas ás que se lles concedeu ou denegou a axuda. Uns e outros serán debidamente identificados co seu correspondente número de DNI/NIE/Pasaporte e a súa solicitude co número de documento do Rexistro de entrada no Rexistro xeral municipal. Nas concedidas, indicarase tamén o importe da axuda e, nas denegadas, a causa concreta da denegación.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder ás 1.937 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 180.052.008 e remata co nº 180.072.255), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018». O gasto total (1.619.992,24 €) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”.

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 1.027 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 180.051.966 e remata co nº 180.095.038) por

incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Servizo de Benestar Social. Será obxecto de publicación tamén no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitirase a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(1122).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE CARNE PARA A FAUNA DE VIGOZOO. EXPTE. 9094/612.

Dáse conta do informe-proposta de data 09/10/18, asinado pola técnica de Administración Xeral e Contratación, a xefa do Servizo de Contratación e polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do subministro de carne para a fauna de Vigozoo (9.094-612)



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de setembro de 2018 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto de tramitación abreviada, do subministro de carne para a fauna de Vigozoo (9.094-612)

Segundo.- O 21 de setembro de 2018 recíbese no Servizo de Contratación correo electrónico enviado por D. José Antonio Loureiro Fernández no que se indica:

“Buenos días,

Debido a la imposibilidad de presentar la documentación telemáticamente en referencia al expediente 9094-612 de suministro de carne al Vigo Zoo, envío la documentación pertinente y la huella electrónica de José Antonio Loureiro Fernández”.

No referido correo o licitador achegou ademais da pegada dixital, o Documento Europeo Único de Contratación e a súa oferta.

Terceiro.- Segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 27 de setembro de 2018:

“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 10-09-2018, para a contratación por procedemento aberto da “Adquisición de carne para o consumo da fauna animal do parque zoológico de Vigozoo. EXPTE. 9094-612” que rematou o día 25 de setembro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, non consta que se presentase ningunha proposta.

Non obstante, recibíuse un fax, coa pegada electrónica de data 21-09-18, enviado por JOSE ANTONIO LOUREIRO FDE, sen que ata o de agora se recibira ningunha oferta”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Segundo a cláusula 13.4 do PCAP “A presentación das ofertas deste procedemento realizarase a través da plataforma electrónica de contratación do Concello de Vigo, na ligazón <https://licitacion.vigo.org> e de conformidade co previsto no artigo 136.4 da LCSP e as disposicións adicionais 16ª e 17ª”.

No entanto, a cláusula 14.1 establece “No suposto de que, por razóns técnicas de comunicación, non imputables ao licitador, non puidese facerse efectiva a entrega da proposición mediante a canle electrónica, o software PLYCA Empresas, xerará un código específico de verificación (HASH) “pegada dixital” que se mostrará en pantalla, antes de realizar o envío. Este código deberá ser remitido por FAX ao nº 986 226 206 e por correo electrónico a contratacion@vigo.org, ou entregado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo sito na Praza do Rei s/n Vigo.

O sobre electrónico xerado e asinado deberá ser entregado en soporte electrónico ou no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no prazo das 24 horas posteriores á data límite de presentación das proposicións”.

O licitador non só non cumpriu cos requisitos de presentación das ofertas esixidos no PCAP ao non presentar o sobre electrónico a través do Rexistro Xeral, senón que desvelou o segredo da súa oferta ao enviala por correo electrónico sen encriptar.

O artigo 139.2 da LCSP establece que “as proposicións serán segredas e se arbitrarán os medios que garantan tal carácter ata o momento de apertura das proposicións, sen prexuízo do disposto nos artigos 143, 175 e 179 en canto á información que debe facilitarse aos participantes nunha poxa electrónica, nun diálogo competitivo, ou nun procedemento de asociación para a innovación”.

A disposición adicional 15ª da LCSP tamén establece o deber de garantir que o contido das ofertas non sexa coñecido ata despois de finalizado o prazo para a súa presentación e ata o momento fixado para a súa apertura. Isto non foi posible porque o licitador enviou a súa oferta por correo electrónico sen encriptar.

Segundo.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que a única oferta presentada a esta licitación, a de D. José Antonio Loureiro Fernández, con DNI n.º 76815105-G, non cumpre cos requisitos de presentación esixidos no artigo 139.2 da LCSP e cláusulas 13 e 14 do PCAP, cómpre declarar deserto este procedemento.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do subministro de carne para a fauna de Vigozoo (9.094-612) por non terse presentado correctamente ningunha proposición”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(1123).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUNHA UNIDADE DE DESHUMECTACIÓN DE AIRE NA INSTALACIÓN ACUÁTICA “PISCINA MUNICIPAL DE TEIS”. EXPTE. 2396/611.

Visto o informe xurídico de data 08/10/18, e o de fiscalización de data 10/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 04/10/18, asinado polo Adxunto a Xefatura do Servizo de Deportes-director técnico, o xefe do Servizo Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

Con data 8 de agosto de 2018, o concelleiro delegado de Deportes, ditou orden de inicio de expediente para a contratación do CONTRATACION DO SUBMINISTRO DUNHA UNIDADE



Concello de Vigo

DE DESHUMECTACIÓN DE AIRE NA INSTALACIÓN ACUÁTICA “PISCINA MUNICIPAL DE TEIS” PARA SUSTITUCIÓN DA UNIDADE EXISTENTE POR FINALIZACIÓN DA VIDA UTIL

No expediente inclúense os seguintes documentos

1. Informe de necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Director Técnico do servizo de deportes o 9 de agosto de 2018
2. Resolución do concelleiro delegado de deportes do 8 de agosto de 2018 para o inicio do procedemento de contratación.
3. Proxecto técnico e PPT redactado polo Enxeñeiro industrial Dn. Bernardo Parajó Calvo (contratado a través do expd. 1982-611) colexiado nº 771 e D. David López Mera, colexiado nº 1344 e que se remite ao Concello de Vigo asinado polo colexio de inxeñeiros de Galicia con data 24 de xullo de 2018.
4. Memoria xustificativa do prezo do contrato, modificacións, criterios de adxudicación e outras consideracións asinada polo Director Técnico de deportes e o Concelleiro Delegado de deportes o de 14 de agosto de 2018.
5. Informe asinado pola Xefa do Servizo de Contratación sobre comprobación dos documentos esixidos pola normativa para a tramitación do contrato do 25 de setembro de 2018
6. Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 3 de outubro de 2018 pola Técnica de pola xefa do Servizo de Contratación.

II.- CONDICIÓN S DEFINITORIAS DO CONTRATO.

1º.- Obxecto:

Subministro e instalación dunha unidade de deshumectación de aire con recuperación de calor para a instalación acuática da piscina municipal de Teis R/ coutadas s/n, 36.207, Vigo, ao finalizar a vida útil do equipo existente.

Necesidades a satisfacer

O presente contrato atópase vinculado as competencias propias previstas no art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), “Promoción del deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

En relación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 28 da lei 9/2017, de 8 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público, no sucesivo LCSP), así como os aspectos relacionados coa natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato. Ó obxecto definir as condicións técnicas para o desenvolvemento do subministro da unidade de deshumectación de aire con recuperación de calor para instalación acuática da piscina de Teis, estas están recollidas no Proxecto e no PPT.

A instalación dun novo equipo e fundamental para garantir a seguridade, salubridade do aire e polo tanto a funcionalidade da instalación deportiva.

O contrato, polo seu obxecto, é un contrato de subministro previsto no artigo 16 da LCSP.

Lotes

Con relación ao obxecto do contrato ao ser un único subministro non procede a súa división en lotes en cumprimento ao establecido no artigo 99.3.b) da LCSP

2º.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

Tendo en conta o obxecto do contrato e o seu valor estimado, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado (art. 159 LCSP) de subministro.

3º.- Prezo do contrato e xustificación:

a) Prezo do contrato

En cumprimento do artigo 102 da LCSP a determinación do prezo deste contrato establécese en base os seguintes aspectos:

Á valoración económica do proxecto técnico e o PPT realizado polo inxeñeiro industriais Dn. Bernardo Parajó Calvo (contratado a través do expd. 1982-611) colexiado nº 771 e D. David López Mera, colexiado nº 1344 e que se remite ao Concello de Vigo asinado polo colexio de inxeñeiros de Galicia con data 24 de xullo de 2018.

Sendo o prezo do contrato de 69.999,41 euros con iva, sendo o importe do iva do 21% 12.148,65 €

b) Orzamento base de licitación

Orzamento base de licitación sen IVE	57.850,75 €	
IVE 21%	12.148,65 €	
Total orzamento con IVE	69.999,41 €	

c) Valor estimado do contrato

É o presuposto de licitación sen IVE e sen contemplarse modificacións de contrato nin prórrogas.	57.850,75 €
--	--------------------

d) Prezos unitarios

Os sinalados na valoración económica do proxecto técnico.

4º.- Revisión de prezos.

Non procede.

5º.- Financiamento do contrato e xustificación de que cumpre os principios de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 7 de abril

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.



Concello de Vigo

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, incluídos na aplicación orzamentaria 3420.6230000 “ *Caldeiras e equipos técnicos en instalacións deportivas* ”. O contrato entrará en vigor a partir da firma do contrato.

O gasto proposto, establécese de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos previstos no orzamento do ano 2018 dentro do programa orzamentario “3420” do Concello de Vigo. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución da prestación dun subministro e servizo delimitado e de carácter finalista para o Concello.

6º.- Prazo de execución e prórroga

O prazo de execución do contrato se estima en 9 semanas, a partir da data da firma do contrato, segundo se recolle no *proxecto de subministro e instalacións* realizado polos inxeñeiros industriais Dn. Bernardo Parajó Calvo (contratado a través do expd. 1982-611) colexiado nº 771 e D. David López Mera, colexiado nº 1344 e que se remite ao Concello de Vigo asinado polo colexio de inxeñeiros de Galicia con data 24 de xullo de 2018.

O contrato non ten prórrogas ao ser o subministro e instalación du ben.

7º.- Solvencia

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual o superior:
 1. Ao valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.
 2. Ao valor anual medio do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

- Solvencia técnica e profesional:

Acreditarase a través do seguinte medio:

- Unha relación dos principais subministros ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministros ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato.

Para determinar se un subministro é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

As empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a cinco anos) acreditarán a súa solvencia mediante unha declaración na que indiquen a maquinaria, material e equipo técnico do que disporá para a execución dos traballos ou prestacións. A documentación acreditativa destes extremos achegarase polo primeiro clasificado con carácter previo á adxudicación do contrato.

Atendendo ao artigo 76 da LCSP os licitadores deberán indicar na súa oferta os nomes e cualificación profesional do personal responsable encargado de executar a instalación e posta en marcha do equipo.

8º.- Criterios de valoración e xustificación:

Os criterios conformes os cales se valorarán as ofertas serán os seguintes:

a) Criterios avaliados a través de fórmulas, 100 puntos.

1.- Prezo. Redución do prezo do contrato. Valorarase ata un máximo de **90 puntos**. Para a valoración terase en conta o importe total ofertado.

2.- Prazo de garantía: Aumento do prazo de garantía do subministro dende a recepción definitiva. Valorarase ata un máximo de **10 puntos**.

Estes criterios avalíaranse segundo as seguintes fórmulas.

1º.- Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo, menor prazo, menores consumos, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

1. Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.



Concello de Vigo

As ofertas ordenaranse por orden decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- 1. Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- 2. Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- 3. Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

2. **Para valorar baixas inferiores ao Vrb** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de baixa

Vrb: valor referencia das baixas

3. **Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx + 0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

2º.- Para valorar aqueles criterios nos que se valore un aumento dos valores propostos pola Administración (aumento prazo de garantía, incrementos de persoal, incremento do control da calidade, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia dos incrementos.

▪ **Cálculo do valor referencia dos incrementos (Vri):**

O valor do incremento ofertado obterase restando ao valor ofertado polo licitador o valor proposto pola Administración.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor do incremento. En función do número de ofertas admitidas, por cada fracción de 5 ofertas admitidas, serán descartadas para este cálculo:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.

Entre os valores de incremento non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia dos incrementos (Vri).

▪ **Para valorar incrementos inferiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:**

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vri}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de incremento

Vri: valor referencia dos incrementos

▪ **Para valorar incrementos iguais ou superiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:**

$$P = \frac{0,80 * Pmx + 0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor do incremento ofertado e o Vri

B: a maior diferenza entre o valor de incremento ofertadas e o Vri

Xustificación dos criterios:

Respecto ao prezo: ao referirse a un subministro dun só produto e que as características do mesmo non poden ter grandes diferencias, o prezo convértese nun valor fundamental de valoración.



Concello de Vigo

Respecto ao prazo de garantía: un maior prazo de garantía sobre o equipo a subministrar lle garante a administración un maior período de cobertura sobre calquera incidencia do mesmo sobre a fabricación e instalación do mesmo.

A xustificación das fórmulas:

Estas fórmulas resultan axeitadas para a valoración dos criterios de adxudicación por canto resultan proporcionais outorgando a maior puntuación á oferta que resulta máis ventaxosa en relación a calidade prezo e as mesmas veñen sendo utilizadas por esta administración con continuidade e co visto e prace da intervención municipal.

9º.- Ofertas con valores anormais (artigo 149)

Neste procedemento non se contempla que ningunha oferta conteña valores anormais.

10º.- Condicións especiais de execución

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, segundo a cal *“será obrigatorio o establecemento no prego de cláusulas administrativas particulares de cando menos unha das condicións especiais de execución de entre as que enumera o apartado seguinte”*, establécense neste contrato a seguinte condición especial de execución de tipo social ou relativas ao emprego:

“A adopción de medidas pola empresa adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato.”

Esta condición especial de execución ven recollida no artigo 202.2 da LCSP e esíxese neste contrato co obxectivo de profundar nunha contratación socialmente máis responsable, que incorpore nos procedementos de contratación obxectivos específicos de política social. Inclúense así algúns dos aspectos sociais recollidos na guía de Adquisicións Sociais da Comisión Europea (oportunidades de emprego, traballo digno, cumprimento cos dereitos sociais e laborais, inclusión social e igualdade de oportunidades).

Esta “contratación estratéxica”, plasmada nas novas Directivas de Contratación, permite implementar coa contratación pública as políticas públicas en áreas que se consideran esenciais, contribuíndo a mellorar o cumprimento das leis sociais e laborais, a estimular mercados con conciencia social, demostrar habilidades de gobernanza sensibles aos aspectos sociais, fomenta a integración de grupos significativos na sociedade, como son as persoas con discapacidade, en actividades claves do mercado, e garantir gastos públicos máis eficaces e eficientes con maior afectación real ás persoas ou colectivos máis desfavorecidos.

11º.- información esixida polo artigo 130 LCSP

Non procede nesta contratación

12.- Prazo de garantía

Mínimo de 2 anos e máximo o que propoña o adxudicatario na súa oferta, dende a posta en marcha do equipo técnico a subministrar e instalar.

13º.- Subcontratación.

Se admiten conforme ao previsto no artigo 215 LCSP, non se recollen tarefas críticas a realizar polo contratista principal.

14º.- Modificacións do contrato

Non procede nesta contratación.

15º-Responsable do contrato De conformidade co artigo 62 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, LCSP, para o exercicio das funcións que nel se determina, a designación como responsable do contrato recaer no Adxunto Xefe Servizo Deportes Director Técnico servizo de deportes.

16º.- Referencia ao réxime de pagamento

O importe do prezo satisfaceráselle ó contratista unha vez finalizada a entrega definitiva do subministro e a súa posta en marcha. Previa a emisión da factura na plataforma FACE entregarase toda a documentación técnica legal e administrativa correspondente de alta e posta en funcionamento. Así coma os manuais dos equipos e o seu plan de mantemento. Coa entrega dos equipos, e previa a emisión da factura, deberá realizarse a información necesaria sobre o seu funcionamento ao persoal que determine a administración.

Na factura achegara a descrición dos produtos subministrados e instalados.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

- UNIDADE TRAMITADORA: GE0000661 DEPORTES
- OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS / INTERVENCIÓN
- ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

17º.- Seguro

Esixese a constitución dunha póliza de responsabilidade civil dun importe mínimo de 350.000,00 € que deberá estar en vigor no momento da entrada en vigor do contrato.

18º.- Lugar de entrega

O subministro do equipo técnico e a súa instalación deberá realizarse na R/ Coutadas s/n. 36207 Teis. Instalación deportiva acuática Piscina Municipal de Teis.

Os requisitos sobre a entrega e recepción especifícanse no PPT. En todo caso correspondelle ao licitador asumir todos os custos correspondentes a transportes, loxística, instalación e permisos a posta en funcionamento do equipo.

19º.- Data prevista para o inicio do contrato

1 de decembro



Concello de Vigo

20°.- Etiquetas

Non se prevén.

21°.- Informes de probas

Non se prevén.

22°.- Outros aspectos a ter en conta na redacción do prego de cláusulas administrativas particulares

Non se prevén.

III.- PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, deberá emitirse informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a Contratación polo procedemento aberto simplificado de subministro da CONTRATACION DO SUBMINISTRO DUNHA UNIDADE DE DESHUMECTACIÓN DE AIRE NA INSTALACIÓN ACUÁTICA "PISCINA MUNICIPAL DE TEIS" PARA SUSTITUCIÓN DA UNIDADE EXISTENTE POR FINALIZACIÓN DA VIDA UTIL.

Segundo: Aprobar o Proxecto técnico e PPT redactado polo Enxeñeiro industrial Dn. Bernardo Parajó Calvo (contratado a través do expd. 1982-611) colexiado nº 771 e D. David López Mera, colexiado nº 1344 e que se remite ao Concello de Vigo asinado polo colexio de inxeñeiros de Galicia con data 24 de xullo de 2018 para a CONTRATACION DO SUBMINISTRO DUNHA UNIDADE DE DESHUMECTACIÓN DE AIRE NA INSTALACIÓN ACUÁTICA "PISCINA MUNICIPAL DE TEIS" PARA SUSTITUCIÓN DA UNIDADE EXISTENTE POR FINALIZACIÓN DA VIDA UTIL.

Terceiro: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado o 3 de outubro de 2018 pola Xefa do Servizo de Contratación para a CONTRATACION DO SUBMINISTRO DUNHA UNIDADE DE DESHUMECTACIÓN DE AIRE NA INSTALACIÓN ACUÁTICA "PISCINA MUNICIPAL DE TEIS" PARA SUSTITUCIÓN DA UNIDADE EXISTENTE POR FINALIZACIÓN DA VIDA UTIL.

Cuarto: Autorizar o gasto polo **importe máximo de 69.999,41€ con IVE**, sendo o importe correspondente o iva (21%) de 12.148,65 €, **importe base licitación sen iva 57.850,75 €**, e sendo o valor estimado do contrato de 57.850,75 €. Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, Concellería de Deportes incluídos na aplicación orzamentaria 3420.6230000 "*Caldeiras e equipos técnicos en instalacións deportivas*".

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(1124).- AMPLIACIÓN DO “PROGRAMA PARA IMPLEMENTAR O NOVO PLAN DE ESTUDOS DA EMAO” (PEEMAO 2015) Á ESPECIALIDADE DE PINTURA. EXPTE. 559/613.

Dáse conta do informe-proposta de data 11/10/18, asinado pola xefa do Servizo de Educación, e pola concelleira-delegada de Educación, que di o seguinte:

1.- A Xunta Reitora do Organismo Autónomo Escola Municipal de Artes e Oficios na súa sesión de 16 de abril de 2015 acordou aprobar o novo Plan de Estudos da EMAO (PEEMAO 2015) (exp. 1792/13) composto polos seguintes documentos:

Documento 1. Introductorio ao Plan 2015. Misión da EMAO

Documento 2. Redeseño do currículo por especialidades

Documento 3. Normativa do Plan de Estudos 2014

Anexos: Horario profesorado curso 2015-2016/O Plan de Estudos nas actas do Claustro de profesorado/Documento elaborado pola comisión de profesorado"

O referido Plan de Estudos (PEEMAO 2015) foi modificado en aspectos puntuais que afectan a algunha das especialidades por acordo da Xunta Reitora da EMAO en sesión de 10/12/2015 (expediente 2166/13) e por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de 29/04/2016 (expediente 43/613).

2.- A Xunta Reitora da EMAO en sesión de 18 de maio de 2015 aprobou o “programa para implementar o novo Plan de Estudos da EMAO (PEEMAO2015)”, derivado do citado acordo de aprobación do Plan de Estudos de data 16-04-2015 coa finalidade de facilitar o seu arranque e desenvolvemento e acadar a súa eficacia, iniciando esta implantación no curso 2015-2016 (expte. 1984/13). Entre outras accións específicas para a súa implantación este programa contempla a convocatoria dos procesos selectivos para cubrir a docencia das especialidades de Ourivería, Serigrafía artística, Debuxo artístico e Moda e confección, dispoñendo que os procesos selectivos deberán rematar e, en consecuencia, ser efectivo o nomeamento do profesorado destas especialidades, antes do comezo do curso 2015-2016.

3. Este programa foi prorrogado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 09/08/2018 (Expte. 479/613)

4.- Resulta necesario ampliar o “programa para implementar o novo Plan de Estudos da EMAO (PEEMAO2015)” aprobado pola Xunta Reitora da EMAO en sesión de 18 de maio de 2015 á especialidade de Pintura.

O Plan componse na especialidades de Pintura de catro niveis: Iniciación, Perfeccionamento I, Perfeccionamento II e Avanzado (Básico, Medio, Superior e Avanzado en programación de tarde), polo que o ciclo completárase no curso 2018-2019, sendo necesario o nomeamento como interino dun mestre de formación capacitado para impartir esta especialidade.



Concello de Vigo

Non hai unha lista de substitucións vixente para o posible nomeamento de funcionario interino para a docencia da especialidade de pintura. Non obstante, como xa se indicou no exercicio 2015 realizouse na EMAO un proceso selectivo para funcionarios interinos para a docencia transitoria de debuxo artístico (expediente 1976-13). En base ao resultado de dito proceso, mediante resolución da presidenta do Organismo Autónomo EMAO de data 09-09-2015, constituíuse de conformidade co disposto no apartado 13ª das Bases reguladoras, unha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación obtida) aos efectos do seu nomeamento, de ser o caso, en supostos de ausencia ou renuncia do titular.

A lista de substitucións atendendo ao acordo do Tribunal do proceso selectivo para o ingreso como funcionario interino na modalidade de Debuxo Artístico está formada por:

NOME	CONCUR-SO	1º Exerci-zo	2º Exerci-zo	Proba Práctica	PROBA DE GALEGO	TOTAL
FERNÁNDEZ SERRANO, JACOBO	2,60	3	6,00	7,00	1,32	19,92
SERRANO MATO, JORGE ANDRÉS	2,60	4,5	6,14	5,00	1,60	19,84

Se ben o proceso selectivo a que non estamos a referir foi para a docencia de Debuxo Artístico, propónse acudir a lista de substitucións resultante deste proceso para a contratación dun mestre que imparta a docencia de Pintura, tendo en conta que son especialidades afíns que se complementan, tal e como se xustificou no seu momento e se volve a xustificar de seguido.

- Dentro do Plan de Estudos da EMAO establécense tres áreas: a Artística, a de Oficios artesanais e a de Oficios artísticos. A Área artística esta conformada polas especialidades de Pintura e Débuxo artístico, e ambas teñen a mesma estrutura en tres niveis: Básico, Medio e Superior. Resulta indiscutible a conexión entre ambas materias, que produce a certeza da compatibilidade e idoneidade para impartir unha ou outra se a formación requirida para o posto ten a base común suficiente para garantir un ensino de calidade:

- Por razón do carácter da proba de acceso, xa que esta comportou a valoración de competencias e coñecementos afíns ás dúas especialidades por pertencer ao mesmo *corpus* da representación gráfica e buscar con técnicas semellantes, pero distintas, no seu acabado e instrumentos, o mesmo produto representativo.

- Por razón de materia: no estudo e realización de imaxes planas, imaxes pictóricas e debuxos, danse aspectos comúns relativos á organización do espazo; estúdanse en arte e converxen todas elas no que se denomina lingoaxe visual. Un docente destas dúas materias ha de ser un experto coñecedor desta lingoaxe xa que o obxectivo final dun pintor ou dun debuxante é comunicar experiencias ou sensacións a través da imaxe, por iso as leis de composición, o equilibrio de masas, o encadre, a lingoaxe dos planos... son temas transcendentais comúns aos docente destas materias. Estamos perante disciplinas afíns aínda que non idénticas, se ben, o *corpus* básico (que é o que pode orientar a actividade pedagóxica específica e as fai

perfectamente compatibles para cubrir a aprendizaxe dunha ou doutra) é coincidente e con naturalidade os coñecementos, instrumentos e técnicas dunha delas proxéctase sobre a outra.

- Por razón da preparación necesaria para impartir unha ou outra especialidade: se ben nas bases da convocatoria de mestre de Debuxo artístico a titulación esixida é o título de bacharelato ou equivalente, na documentación aportada na fase de concurso resulta que as dúas persoas incluídas na referida lista de substitucións posúen o título de licenciados en Belas Artes, deixando sobradamente acreditada a súa formación para impartir esta especialidade artística.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- En canto á competencia da entidade local para a prestación do servizo nos termos recollidos na Lei 27/2013, do 27 de decembro, e Lei 5/2014, de Galicia, a actividade desenvolta pola EMAO ten o seu encaixe no artigo 25.2 m) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación coa promoción da cultura, sen perxuízo doutros títulos competencias que reforzan dita atribución.

Segundo.- A duración máxima do programa non poderá ser superior a tres anos, en coherencia co seu carácter temporal, conforme á redacción do artigo 10.1 c) EBEP dada pola Lei 15/2014, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se dicten en desenvolvemento deste Estatuto. Nese senso a Lei 2/2015, de Galicia, contempla no artigo 23.2 c) que dito prazo poderá ser ampliado ata doce meses máis se o xustificara a duración do correspondente programa: "2. Para que se poida proceder ao nomeamento de persoal funcionario interino ten que concorrer algunha das seguintes circunstancias:

c) A execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da Administración. O prazo máximo de duración da interinidade farase constar expresamente no nomeamento e non poderá ser superior a tres anos, ampliables ata doce meses máis de o xustificar a duración do correspondente programa."

A Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local recolle no artigo 25.2. as materias respecto das que "en todo caso" os concellos exercerán competencias propias, entre as que inclúe : m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

En base ao exposto, previo informe da Intervención Xeral, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Prestar aprobación á ampliación do "Programa para implementar o novo Plan de Estudos da EMAO" (PEEMAO 2015) á especialidade de Pintura, por un período máximo de 9 meses ao non ter transcorridos os 4 anos dun ciclo completo desde o inicio da implantación do novo plan de formación nesta especialidade no curso 2015-2016.

Segundo.- Dar conta deste acordo a Área de Recursos Humanos e Formación.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1125).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. DAS CAMELIAS ENTRE JUAN RAMÓN JIMÉNEZ E AVDA. DA HISPANIDADE”. EXPTE. 109/441.

Visto o informe xurídico do 09/10/18, e o informe de fiscalización do 10/10/18, dáse conta do informe-proposta do 10/10/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 27 de xuño de 2018, aprobou inicialmente o expediente núm. 54/142, aprobación inicial do modificación orzamentaria nº 29/2018 - crédito extraordinario, para a aplicación de superávit, liquidación do orzamento do ano 2017. Na mesma se contempla a aplicación 1532.619.00.73 “Humanización Camelias entre J.R. Jiménez e Hispanidade”

2.- A mercantil Aquatica Ingeniera Civil S.L., en execución do contrato menor de servizos para a redacción do proxecto de humanización da Avenida de Camelias, entre J.R.Jiménez e Avda. Da Hispanidade (exp.: 3951/440), presenta logo da supervisión do borrador, proxecto de HUMANIZACIÓN DA AVDA. DAS CAMELIAS ENTRE JUAN RAMÓN JIMÉNEZ E AVDA. DA HISPANIDADE”, redactado polo Arquitecto don José Ignacio Buján Díaz e polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos don Fernando López Mera, cun orzamento base de licitación, máis IVE, de DOUS MILLÓNS CENTO SESENTA E CINCO MIL EUROS (2.165.000 EUROS), con data de sinatura dixital de 24/09/2018

3.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 25.09.18, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 25.09.2018 a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 27.09.2018 aprobou o proxecto de HUMANIZACIÓN DA AVDA. DAS CAMELIAS ENTRE JUAN RAMÓN JIMÉNEZ E AVDA. DA HISPANIDADE”, redactado polo Arquitecto don José Ignacio Buján Díaz e polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos don Fernando López Mera, cun orzamento base de licitación, máis IVE, de DOUS MILLÓNS CENTO SESENTA E CINCO MIL EUROS (2.165.000 EUROS), con data de sinatura dixital de 24/09/2018

4.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm 3.422443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de datas 27.09.18 e 03.10.2018 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 27.09.18 (rectificado en sesión de 03.10.2018), que se corresponde co expediente

administrativo 3.422-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Arquitecto don José Ignacio Buján Díaz e polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos don Fernando López Mera, cun orzamento base de licitación, máis IVE, de DOUS MILLÓNS CENTO SESENTA E CINCO MIL EUROS (2.165.000 EUROS), con data de sinatura dixital de 24/09/2018

- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras e o Xefe da Área de Inversións de data 27.09.2018, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 27.09.18.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 28.09.2018
- e) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 3 de outubro de 2018
- f) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 8 de outubro de 2018
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 8 de outubro de 2018

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística e adaptación ao contorno (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 25.09.2018), así como o cumprimento da normativa sectorial e a non necesidade de autorizacións sectoriais.



Concello de Vigo

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril). O crédito atópase recollido na modificación orzamentaria nº 29/2018 - crédito extraordinario, para a aplicación de superávit, liquidación do orzamento do ano 2017.

Quinto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación do procedemento de urxencia contemplado no artigo 119 LCSP. Na mesma se indica o seguinte:

“O Concello de Vigo co obxecto de executar as obras descritas elaborou proxecto de humanización da Avenida das Camelias, entre J.R. Jiménez e Avda. Hispanidade coa finalidade xa descrita de renovar as antigas redes soterradas do ámbito indicado entre elas a existente de abastecemento. Tamén se inclúe unha mellora da iluminación da rúa, das beirarrúas e do asfaltado coa conseguinte mellora da seguridade vial nun ámbito con alta densidade de tráfico peonil e rodado, ante o esgotamento e deterioro existente dos elementos mencionados na citada rúa.

En data 21.02.2018 foi remitido o proxecto á Delegación provincial da Consellería de Cultura para o preceptivo informe por atoparse o ámbito nunha zona de control arqueolóxico. Por parte deste organismo da Xunta de Galicia non foi emitida autorización ata o 19.09.2018 (7 meses despois), aprobándose tralos correspondentes informes de supervisión, informe proposta e informe de fiscalización o referido proxecto de obras.

Durante o transcurso do tempo da autorización da Xunta de Galicia o estado da rúa, principalmente das redes de abastecemento continuou deteriorándose sufrindo roturas que deixaron sen abastecemento de auga potable a un ámbito cunha densidade de poboación elevada, sendo esta circunstancia posta en coñecemento do organismo competente da Xunta de Galicia para a emisión urxente do informe (inclusive en carta dirixida ao Conselleiro titular da mesma).

A necesidade de dar unha pronta solución aos problemas que veñen sufrindo os veciños do ámbito e que se teñen agravado polo retraso na autorización sectorial, fai que por motivos de interese público sexa preciso declarar a urxencia da tramitación desta licitación.”

Sexto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Séptimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a declaración de tramitación de urxencia do expediente para contratar a execución das obras do proxecto de **“OBRAS DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN**

ENTRE JUAN RAMÓN JIMÉNEZ E AVDA DA HISPANIDADE” redactado polo Arquitecto don José Ignacio Buján Díaz e polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos don Fernando López Mera, cun orzamento base de licitación, máis IVE, de DOUS MILLÓNS CENTO SESENTA E CINCO MIL EUROS (2.165.000 EUROS), con data de sinatura dixital de 24/09/2018 e por conseguinte aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación urgente.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 08.10.2018

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUS MILLÓNS CENTO SESENTA E CINCO MIL EUROS (2.165.000 EUROS), sendo o importe correspondente ao IVE 375.743,80€.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria orzamentaria 1532.619.00.73 “HUMANIZACIÓN CAMELIAS ENTRE J.R. JIMÉNEZ E HISPANIDADE”

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1126).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO NA SÚA MODALIDADE DE ADQUISICIÓN PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA. RENOVACIÓN DE ELEMENTOS DE ILUMINACIÓN VIARIA. EXPTE. 50730/444.

Examinadas as actuacións do expediente dáse da proposta de data 10/10/18, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

10.- Propostas de clasificación/clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro na súa modalidade de adquisición para a mellora da eficiencia enerxética. Renovación de elementos de iluminación viaria (50.730-444)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro na súa modalidade de adquisición para a mellora da eficiencia enerxética. Renovación de elementos de iluminación viaria (50.730-444) na seguinte orde descendente:



Concello de Vigo

	Clasificación de orden	% de baixa
1	ENDESA ENERGIA SA	40,14
2	CHZ LIGHTING SPAIN SOCIEDAD LIMITADA.	34,41
3	ESELED CONSULTING SL	32,44
4	DIELECTRO INDUSTRIAL SA	32,38
5	INGENIERIA Y SERV.EFICIENCIA ENERGETICA,S.L.	32,16
6	SIELVIGO	31,99
7	IMESAPI, SA	27,38
8	DIGAMEL SA	20,30

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ENDESA ENERGÍA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

8(1127).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORZO DE FIRMES EN VÍAS MUNICIPAIS 2017. FASE I. LOTE 1 VIGO LESTE E LOTE 2 VIGO SUR. EXPTE. 68/441.

Dáse conta da proposta de data 10/10/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 10 de outubro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación/clasificación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441) na seguinte orde descendente:

Lote nº 1:

	Clasificación de orden:	oferta
1	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	212.785,28 €
2	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S L	218.964,30 €
3	MISTURAS, S A	219.209,65 €
4	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L	230.739,74 €
5	CONSTRUCCIONES VALE, S L	236.504,80 €
6	CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S A	237.830,36 €
7	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU	241.899,52 €
8	NAROM, S L	243.225,07 €
9	NEMESIO ORDOÑEZ, S A	244.951,40 €
10	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S L	251.794,99 €
11	HORDESCON, S L	267.917,52 €
12	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	291.950,91 €

Lote nº 2:

	Clasificación de orden:	oferta
1	MISTURAS, S A	153.804,31 €
2	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	159.408,20 €
3	NEMESIO ORDOÑEZ, S A	159.582,63 €
4	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S L	162.431,33 €
5	CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S A	167.193,96 €
6	CONSTRUCCIONES VALE, S L	167.333,19 €
7	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU	174.689,26 €
8	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L	175.780,33 €
9	NAROM, S L	177.752,36 €
10	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S L	188.449,99 €
11	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	212.054,33 €

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U (lote nº 1) e MISTURAS, S.A. (lote nº 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.



Concello de Vigo

9(1128).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL (LOTE 4)EXPTE. 4799/440.

Visto o informe de fiscalización do 08/10/18, dáse conta do informe-proposta do 05/10/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) (lote 4)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) (lote 4)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 7 de agosto de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 24 de xullo de 2018, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o umbral do 50% da puntuación máxima no criterio de xuízo de valor, cuantificado en 50 puntos, previsto no apartado 9.A.2 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares:

- LOTE nº 1: SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.
- LOTE nº 3: SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.
- LOTE nº 4: DANNERBOOTS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) na seguinte orde descendente:

LOTE Nº 1 “Calzado”:

Licitador	Puntuación total
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	90

LOTE Nº 2 “Prendas ou elementos de uniformidade xeral”:

Licitador	Puntuación total
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	90

LOTE Nº 3 “Roupa de traballo coa condición de EPIs”:

Licitador	Puntuación total
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	9

LOTE Nº 4 “Prendas ou elementos da uniformidade especifica do servizo de Policía local”:

Licitador	Puntuación total
SAGRES, S.L.	100

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lotes 1, 2 e 3) e SAGRES, S.L. (lote4), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 1.791,17 euros (447,80 euros por lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 4, SAGRES, S.L., o día 21 de agosto de 2018, que presenta a documentación requirida o 30 de agosto, dentro do prazo concedido.

Con data do 7 de setembro de 2018 a Xunta de Goberno local tomou razón da Resolución nº 60/2018 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recurso nº 82/2018, instada por Dna. Margarita María Reboredo Arnosos actuando en nome e representación de DANNERBOOTS, S.L., na que se acorda adoptar a medida cautelar de suspensión do lote 4.

O 27 de setembro de 2018 a Xunta de Goberno local tomou razón da Resolución nº 77/2018 do TACGAL, recurso nº 82/2018, pola que se desestima o recurso interposto por DANNERBOOTS, S.L.U. contra o acordo de exclusión da súa oferta, lote no 4, e se levanta a suspensión acordada no seu día.

Levantada a suspensión do procedemento e á vista de que a garantía depositada por SAGRES, S.L. é insuficiente por mor dun erro imputable á Administración no requirimento formulado o 21 de agosto de 2018, condecéuselle ao licitador un prazo de tres días hábiles para que puidese completar a garantía. Durante o prazo concedido SAGRES, S.L. completou a garantía definitiva.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos



Concello de Vigo

membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar no lote 4, SAGRES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SAGRES, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 19 de xullo de 2018 (e informe complementario do 30 de xullo) e do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 30 de xullo.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SAGRES, S.L. o lote 4 do procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) por un prezo total de 485.762,15, sendo a cota correspondente ao IVE de 84.305,83 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta e cunha baixa proporcional única do 13% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 4.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1129).- PROPOSTA DE APROBACION DO “PROXECTO DE “PAVIMENTACIÓN RÚA CABADA - BEADE” EXPTE. 3927/443.

Visto o informe de fiscalización de data 08/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 04/10/18, asinado polo o xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de Fomento, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- Con data 28 de setembro de 2018 procedese a sinatura do proxecto de “PAVIMENTACIÓN RÚA CABADA - BEADE”, para a fase de supervisión, redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E OCHO MIL TRECE EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS. (58.013,89€).

II.- A actuación se desenrola na Rúa Cabada en Beade, e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir;

- O tramo de actuación ten unha lonxitude aproximada de 650 m.
- Se fresará nas cabeceiras do pavimento existente e nos cruzamentos con outras rúas, e se limparán as zonas de cuneta ao longo de toda a rúa.
- Na zona onde se realizan reposicións de calzada, a sección estará composta por unha capa de rodadura de 5 cm, de MBC tipo AC-16 SURF D. Previamente á extensión da MBC da capa de rodadura, se dispondrá dun rego de adherencia ECR-1 cunha dotación de 0,50 kg/m² mesmo barrido e preparación da superficie.
- Debido á tipoloxía da rede existente de drenaxe superficial con cunetas e rede de sumidoiros, so se procederá a unha limpeza da vexetación das mesmas.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES) 3 meses.

III.- En relación a supervisión do proxecto "PAVIMENTACIÓN RÚA CABADA – BEADE", a Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 28 de setembro de 2018 informe sinalando o seguinte:

Xa que a contía do proxecto e inferior a 500.000 euros, e non afecta a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra, este informe ten carácter facultativo, Art. 235 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014”.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de



Concello de Vigo

outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

IV.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 28/09/18 en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento asinado na mesma data, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria para a contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contido no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de “PAVIMENTACIÓN RÚA CABADA - BEADE”, para a fase de supervisión, redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E OCHO MIL TRECE EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS. (58.013,89€) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 28/09/2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1130).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN DA RÚA BABIO”. EXPTE. 3928/443.

Visto o informe de fiscalización de data 08/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 05/10/18, asinado polo o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- Con data 2 de outubro de 2018 procedese a sinatura do proxecto de “PAVIMENTACIÓN RÚA BABIO - BEADE”, redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E UN MIL SEISCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS. (51.622,39€).

II.- A actuación se desenrola na rúa BABIO en Beade, e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir;

- O tramo de actuación ten unha lonxitude aproximada de 440 m.
- Se fresará nas cabeceiras do pavimento existente e nos cruzamentos con outras rúas, e se limparán as zonas de cuneta ao longo de toda a rúa.
- Na zona onde se realizan reposicións de calzada, a sección estará composta por unha capa de rodadura de 5 cm, de MBC tipo AC-16 SURF D. Previamente á extensión da MBC da capa de rodadura, se dispondrá dun rego de adherencia ECR-1 cunha dotación de 0,50 kg/m² mesmo barrido e preparación da superficie.
- Debido á tipoloxía da rede existente de drenaxe superficial con cunetas e rede de sumidoiros, so se procederá a unha limpeza da vexetación das mesmas.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES) 3 meses.

III.- En relación a supervisión do proxecto "PAVIMENTACIÓN RÚA BABIO – BEADE", a Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 3 de outubro de 2018 informe sinalando o seguinte:

Xa que a contía do proxecto e inferior a 500.000 euros, e non afecta a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra, este informe ten carácter facultativo, Art. 235 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014”.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de



Concello de Vigo

outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

IV.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 02/10/18 en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento asinado na mesma data, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria para a contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contido no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de “PAVIMENTACIÓN RÚA BABIO - BEADE”, redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E UN MIL SEISCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS. (51.622,39€), e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 02/10/2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

12(1131).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN DA RÚA BALDE”. EXPTE. 3918/443.

Visto o informe de fiscalización de data 08/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 05/10/18, asinado polo o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Con data 28.09.18 procedese a sinatura do proxecto de “PAVIMENTACIÓN RÚA BALDE - BEADE”, para a fase de supervisión, redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dña. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRINTA E CINCO MIL DOUSCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS. (35.229,80€), e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 28/09/2018.

II.- A actuación se desenrola na rúa BALDE, e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir;

- O tramo de actuación ten unha lonxitude aproximada de 350 m.
 - Se fresará nas cabeceiras do pavimento existente e nos cruzamentos con outras rúas, e se limparán as zonas de cuneta ao longo de toda a rúa.
 - Na zona onde se realizan reposicións de calzada, a sección estará composta por unha capa de rodadura de 5 cm, de MBC tipo AC-16 SURF D. Previamente á extensión da MBC da capa de rodadura, se dispondrá dun rego de adherencia ECR-1 cunha dotación de 0,50 kg/m² mesmo barrido e preparación da superficie.
 - Debido á tipoloxía da rede existente de drenaxe superficial con cunetas e rede de sumidoiros, so se procederá a unha limpeza da vexetación das mesmas.
- O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DOS) 2 meses.

III.- En relación a supervisión do proxecto "PAVIMENTACIÓN RÚA BALDE - BEADE", a Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 28.09.18 informe sinalando o seguinte:

Xa que a contía do proxecto e inferior a 500.000 Euros, e non afecta a estabilidade, seguridade ou estancidade da obra, este informe ten carácter facultativo. Art. 235 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014”.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento



Concello de Vigo

xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

IV.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 28.09.18 en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento asinado na mesma data, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria para a contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contido no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de “PAVIMENTACIÓN RÚA BALDE - BEADE”, redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRINTA E CINCO MIL DOUSCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS. (35.229,80€), e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 28/09/2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

13(1132).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO BARREIRA”. EXPTE. 3932/443.

Visto o informe de fiscalización de data 08/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 05/10/18, asinado polo o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Con data 28.09.18 procedese a sinatura do proxecto de “PAVIMENTACIÓN RÚA BARREIRA - BEADE”, redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de VINTE E TRES MIL OITOCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS. (23.892,47€).

II.- A actuación se desenrola na rúa BARREIRA, e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir;

- O tramo de actuación ten unha lonxitude aproximada de 220 m.
 - Se fresará nas cabeceiras do pavimento existente e nos cruzamentos con outras rúas, e se limparán as zonas de cuneta ao longo de toda a rúa.
 - Na zona onde se realizan reposicións de calzada, a sección estará composta por unha capa de rodadura de 5 cm, de MBC tipo AC-16 SURF D. Previamente á extensión da MBC da capa de rodadura, se dispondrá dun rego de adherencia ECR-1 cunha dotación de 0,50 kg/m² mesmo barrido e preparación da superficie.
 - Debido á tipoloxía da rede existente de drenaxe superficial con cunetas e rede de sumidoiros, so se procederá a unha limpeza da vexetación das mesmas.
- O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DOS) 2 meses.

III.- En relación a supervisión do proxecto “PAVIMENTACIÓN RÚA BARREIRA - BEADE”, a Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 03.10.18 informe sinalando o seguinte:

Xa que a contía do proxecto e inferior a 500.000 Euros, e non afecta a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra, este informe ten carácter facultativo. Art. 235 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014”.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.



Concello de Vigo

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

IV.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 02.10.18 en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento asinado na mesma data, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria para a contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contido no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de “PAVIMENTACIÓN RÚA BARREIRA - BEADE”, para a fase de supervisión, redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis

IVE de VINTE E TRES MIL OITOCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS. (23.892,47€), e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 28/09/2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1133).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO COSTA PETETA”. EXPTE. 3934/443.

Visto o informe de fiscalización de data 08/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 05/10/18, asinado polo o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

